

CONVOCATORIA CONTRATOS PREDOUTORAIS XUNTA 2014

En breve publicárase a convocatoria de axudas á etapa predoutoral do Plan I2C para o ano 2014.

A data de remate para a presentación de solicitudes na Xunta de Galicia será o **16 de xaneiro de 2015**.

Unha vez publicada a convocatoria no DOG enviarase un documento informativo onde se indicará o procedemento para a realizar as solicitudes.

Adiantase información relativa á convocatoria:

MODALIDADES

- Modalidade A: Axudas de carácter xeral de apoio á etapa predoutoral (70 axudas).
- Modalidade B: Axudas de carácter específico de apoio á etapa predoutoral no ámbito do Campus de Excelencia Internacional «Campus do Mar» (12 axudas).
- Modalidade C: Axudas de carácter específico de apoio á etapa predoutoral no ámbito do Campus de Excelencia Internacional «Campus Vida» (12 axudas).

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑA Á SOLICITUDE

Debe terse en conta que a solicitude entre outra, debe ir acompañada da seguinte documentación:

- Certificación do programa de doutoramento no que está matriculada a persoa candidata no curso 2014-2015.
- Certificación da nota media do expediente académico da titulación coa que se concorre á convocatoria.
- Nota media dos créditos superados no máster universitario cos que se concorre á convocatoria (de ser o caso)
- Proxecto de traballo de investigación que se vai realizar para a obtención do grao de doutor/a, cunha extensión entre 1000 a 2000 palabras, no que consten especificamente, polo menos, os seguintes aspectos:

- Obxectivos e contidos básicos do traballo
- Estratexias específicas de análise e indagación que se van utilizar.
- Adecuación do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas definidas na convocatoria.
- Planificación temporal
- A memoria debe ir asinada polo interesado e debe contar ***co visto e prace da comisión académica do programa de doutoramento da USC acreditando a viabilidade da proposta.***

DURACIÓN DO CONTRATO

Un ano, prorrogable ata un máximo de 3, logo do informe favorable da comisión académica do programa de doutoramento. As axudas desenvolveranse a partir do **1 de abril de 2015**.

REQUISITOS

a) Ter nacionalidade dun estado membro da Unión Europea. Non obstante, as persoas non comunitarias poderán ser candidatas á axuda aínda que para formalizar o contrato deberán contar cos permisos necesarios de permanencia no país.

b) Estar matriculadas nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2014/15. No caso da modalidade B unicamente serán válidas as matrículas no Programa de doutoramento en Ciencia, Tecnoloxía e Xestión do Mar (Do*Mar). No caso da modalidade C só serán válidas as matrículas nun programa de doutoramento dos definidos polas universidades para o Campus Vida.

c) A data de finalización dos estudos para a obtención do título universitario de licenciado/a, graduado/a ou equivalente que deron acceso aos estudos de máster universitario debe ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2010. Enténdese como data de finalización dos estudos a de superación da última materia para os completar. Esta data poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2008 nos seguintes casos:

- Os/as licenciados/as ou graduados/as en medicina, farmacia, bioloxía, química ou psicoloxía que na data de peche do prazo de presentación de solicitudes estean en posesión do título oficial de especialidade médica (MIR) ou farmacéutica (FIR) ou contén co certificado oficial de especialidade en bioloxía (BIR), química (QUIR) ou psicoloxía (PIR).
- As persoas candidatas que acrediten fidedignamente que se atopaban de baixa maternal ou que tiñan a cargo menores de 3 anos entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2009.

- As persoas candidatas que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 50 por cento

No caso dos estudantes que accedan ao doutoramento cunha titulación oficial española dunha ordenación universitaria anterior ao Real decreto 1393/2007 (licenciado, graduado ou equivalente) e que teñan superado 300 ECTS, dos cales 60 ECTS do segundo ciclo sexan recoñecidos polas súas universidades como equivalentes á formación de máster universitario, segundo os acordos sobre recoñecemento da equivalencia das titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007 para os efectos do acceso aos estudos oficiais de doutoramento aprobados polas universidades do SUG, a data de finalización dos estudos deste título universitario de licenciado/a, graduado/a ou equivalente deber ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012. Enténdese como data de finalización dos estudos a de superación da última materia para os completar. Esta data poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2010 nos seguintes casos:

—Os/as licenciados/as ou graduados/as en medicina, farmacia, bioloxía, química ou psicoloxía que, na data de peche do prazo de presentación de solicitudes, estean en posesión do título oficial de especialidade médica (MIR) ou farmacéutica (FIR) ou conten co certificado oficial de especialidade en bioloxía (BIR), química (QUIR) ou psicoloxía (PIR).

—As persoas candidatas que acrediten fidedignamente que se atopaban de baixa maternal ou que tiñan a cargo menores de 3 anos entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2011.

—As persoas candidatas que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 50 por cento.

d) Contar no expediente académico da titulación coa que se accede á presente convocatoria cunha nota media igual ou superior a 7. Para as titulacións de Enxeñaría e Arquitectura a media deberá ser igual ou superior a 6. Esta media calcularase segundo as indicacións que se fixan na convocatoria.

Non se admitirán como candidatas a ser destinatarias destas axudas persoas que estean en posesión do título de doutor nin persoas que fosen seleccionadas ou contratadas noutras convocatorias de recursos humanos homologables (bolsas/contratos predoutorais ou equivalentes), agás as axudas predoutorais da propia universidade, ás cales terán que renunciar no caso de resultar seleccionadas.

Santiago de Compostela, 02 de decembro de 2014
A Oficina e Investigación e Tecnoloxía